

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Cambre refernete á falta de resposta as solicitudes de información en relación ás listas de contratación

Expediente: A.11.Q/14284/24

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2025

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX con DNI XXX á falta de resposta as solicitudes de información en relación ás listas de contratación.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No seu escrito, esencialmente, indícanos o motivo da queixa ao sinalar:

por resolución da concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, núm.XXX e data 21/04/2023, do Concello de Cambre, aprobouse a convocatoria e as bases de concurso para a selección dun enxeñeiro técnico industrial interino para substitución transitoria de quen ocupa o posto, así como a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos. Dita convocatoria e bases foron publicadas no BOP número 81, do 28 de abril de 2023.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo, na reunión de data 18 de outubro de 2023, logo de resolver a reclamación formulada en relación á valoración de méritos e realizar os sorteos entre os aspirantes que obtiveron a mesma puntuación, acordou outorgar aos aspirantes as puntuacións definitivas. Á vista das puntuacións obtidas, o Tribunal acordou declarar quen foi o aspirante que obtivo a maior puntuación e que será proposto para nomeamento.

Por resolución da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Réxime Interior número XXX do 2 de novembro de 2023, aprobouse a relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos coa puntuación acadada, ordenada de maior a menor, para poder ser utilizada segundo se establece na base décima das que rexen esta convocatoria. Isto é, confeccionase unha lista para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos.

No meu caso concreto, con data 23 de maio de 2024 solicito ó Concello de Cambre información sobre o estado da lista e os movementos producidos na mesma. Na mesma data, coma ampliación a dita solicitude, solicito tamén que a resolución sexa expresa.

Transcorrido máis dun mes, e ao non obter a información solicitada, volvo solicitar o día 26 de xuño de 2024 resolución expresa.

A día de hoxe non obtiven do Concello de Cambre información sobre o estado e os movementos producidos na lista. Por isto, quixera solicitar mediación por parte da Valedora do Pobo.

O promotor da queixa achega xustificante da solicitude na sede electrónica do concello de Cambre nº rexistro XXX do 26/06/2024 ás 23:56:27; solicitude nº rexistro XXX do 23-05-2024 ás 00:41:59; e solicitude nº rexistro XXX do 23-05-2024 ás 15:35:20. Tamén engade BOP nº 81 do venres, 28 de Abril de 2023

Segundo.- Ante iso requirimos informe á administración, no que, en esencia, sinala:

1.- Por Resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data do 2 de novembro de 2023, Resolución nº XXX, aprobouse relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos que foi e está publicada na páxina web municipal e nos taboleiros de anuncios municipais.

2.- Entre os días 3 e 10 de novembro de 2023 realizáronse os chamamentos telefónicos, por correo electrónico e taboleiro electrónico aos aspirantes que ocupan os postos XXX desta lista de candidatos para nomeamento de enxeñeiros técnicos industriais interinos.

Ao aspirante que ocupa o posto número XXX desta lista non se lle chama por canto que é o funcionario interino que ocupa o posto de enxeñeiro técnico industrial e que se atopaba de baixa por enfermidade.

Os aspirantes que ocupan os postos XXX de dita lista rexeitaron todos a proposta de nomeamento no posto de enxeñeiro técnico industrial interino mentres que, o aspirante que ocupa o posto número XXX, don XXX. aceptou o mesmo.

Este aspirante foi nomeado enxeñeiro técnico industrial interino por Resolución número 1901/2023 da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 24 de novembro de 2023 e estivo a ocupar o posto ata a reincorporación do funcionario a quen substituíu, don XXX., a cal se produce o día 02 de marzo de 2024.

3.- Posteriormente, e ante a necesidade de proceder ao nomeamento dun enxeñeiro técnico industrial interino por exceso ou acumulación de tarefas, este concello, seguindo a orde establecida na devandita relación de candidatos para nomeamentos interinos, chama ao arriba indicado XXX (persoa interesada) o 15 de outubro de 2024, para ofrecerlle este posto de enxeñeiro técnico industrial interino por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo de nove meses dentro dun período de dezaioito meses, de conformidade co disposto no artigo 23.2 letra d) da lei 2/2015, de emprego público de Galicia. Este candidato respondeu ese mesmo día coa aceptación e a presentación da documentación requirida

para o nomeamento, a través do rexistro número XXX.

Con data do pasado 26 de novembro por este informante asínase proposta de resolución para o nomeamento da persoa interesada como enxeñeiro técnico industrial interino por exceso ou acumulación de tarefas, de conformidade co artigo 23.2 d) da lei 2/2015, de emprego público de Galicia, estando pendente ao día de hoxe de que se dite esta resolución.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promove este expediente e do que se manifesta no informe da administración, resultan as seguintes consideracións:

Primeira.- A presente queixa motívase na falta de contestación aos escritos presentados no rexistro do Concello de Cambre sobre o estado dun proceso selectivo de carácter temporal, a identificación do candidato seleccionado, coa data de inicio e fin da substitución, os movementos da lista de referencia (identificando os candidatos nomeados e períodos de contratación).

Segunda.- No informe remitidoponse de manifesto o procedemento seguido para a tramitación destas listas de contratación e a proposta de nomeamento da persoa interesada.

Terceira.- Con todo, pese a informar o concello sobre o estado de tramitación deste procedemento, non se xustifica a tramitación das solicitudes recibidas no rexistro do concello. Así, nos escritos presentados se indicaba que se solicita “resolución expresa”.

O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Así, a solicitude presentada pola persoa interesada debería ter sido tramitada, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación

Cómpre sinalar que o art.21.5 prevé o seguinte: “Cando o número das solicitudes formuladas ou as persoas afectadas puidesen supoñer un incumprimento do prazo máximo de resolución, o órgano competente para resolver, a proposta razoada do órgano instrutor, ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, a proposta deste, poderán habilitar os medios persoais e materiais para cumprir co despacho adecuado e en prazo.”

E o 21.6: “O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obrigaón legal de ditar resolución expresa en prazo”

Cuarta.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha repostada directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta expresa da administración competente ante as solicitudes presentadas pola persoa interesada, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa administración o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo, o concello debe respostar expresamente as solicitudes presentado pola persoa promotora desde expediente, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo en funcións.